

A PROFESORA DE PARVULOS

[Nadav Lapid, 2014]

28

ESTREA EN NUMAX 01.07.2015 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Haganenet, 2014, 119'

Dirección: Nadav Lapid

Guión: Nadav Lapid

Reparto: Sarit Larry, Avi Shnaidman, Lior Raz, Gilad ben David, Ester Rada, Guy Oren, Yehezkel Lazarov, Dan Toren, Avishag Kahalani

Montaxe: Era Lapid

Dirección de arte: Miguel Markin

Vestuario: Doron Ashkenazi

Son: Aviv Aldema

Música: Michael Emet

Fotografía: Shai Goldman

Produtora: Pie Films (Israel), Haut et Court (Francia),

Arte France Cinéma (Francia)

Distribuidora: Good Films - La Aventura

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Why?, 2015

Policeman, 2011

«A profesora de párvulos coloca un enigma no seu centro —un misterioso neno poeta— para cuestionalo todo —desde Tel Aviv en case todos os seus estamentos sociais até o noso presente neoliberal— e bater no espectador cunha presada de insidiosas preguntas»

Jordi Costa, EL PAÍS

SINOPSE

Yoav, de cinco anos, ten un talento fóra de serie para a poesía. Mira, a súa mestra, está abraiada polo pequeno mais coñece porén que a contorna familiar do neno non é envexábel para a creatividade: o pai é un home de negocios, babeco e contrario á intelixencia, e a muller que coida del só o atende se ve que pode render o talento do cativo. O obxectivo de Nina será sacar a Yoav desta contorna para non privar a humanidade da súa arte.



A PROFESORA DE PÁRVULOS

[Nadav Lapid, 2014]

O cinema dialéctico de Nadav Lapid

Entrevista por Anthony Kaufman

Como espectador americano vexo unha forte crítica ao Israel actual en ambos os dous filmes [*Policeman* e *A profesora de párvulos*], pero tamén se podería dicir que critican o materialismo ou a burguesía, dun xeito máis xeral. Daquela, sentes que estás a atacar a sociedade israelí e as tendencias globais?

Cando viaxaba con *Policeman*, alí onde chegaba para proxectar o filme había unha vaga de axitación e protestas sociais. Cando cheguei ao festival de cine de Nova York estaba Occupy Wall Street; cando cheguei ao festival de cine de Londres era un momento de grandes disturbios; cando estiven en Francia, un lote de xente acampada; e en Israel, unha semana antes de que o filme fose estreado, había moita axitación social.

Así que creo que hai algo que vai alén de Israel. É a historia dun certo ángulo da humanidade. Pero coido que hai algo moi físico nos meus filmes. Sendo como foron filmados en Tel Aviv e Xerusalén, coa luz de Tel Aviv e Xerusalén, e cos corpos dos israelís e o seu xeito de falar, mesmo tendo en conta que eu son israelí, todo iso provoca esa mestura entre o máis xeral e o máis concreto, o máis vasto e o máis preciso —e o preciso é esta precisión israelí. Respecto d'*A profesora de párvulos*, a relación trágica entre materialismo e poesía non foi inventada en Israel. Pero ao meu ver hai algo na sociedade israelí —se cadra porque é nova e hai unha falta de tradicións— que fai máis doado observar unha serie de fenómenos e formas de pensar que noutros lugares están máis ocultos ou agochados.

(...)

Mencionaches os corpos específicos dos israelís e viñéronme á cabeza esas escenas de baile tan físicas dos teus filmes. Penso que funcionan de marabilla, non só como unha expresión das personaxes, senón tamén como unha liberación, cinematograficamente falando. Como concibiches estas escenas de baile?

D'*A profesora de párvulos* podo recordar tres bailes. Está o dos soldados, o baile da profesora no bar e o baile do cativo. E en *Policeman* temos o baile do policía diante da súa muller. Basicamente, penso que en ambos os dous filmes a acción principal que as personaxes están a realizar é reivindicarse fronte á cámara. Está moi claro polo xeito no que falan, polo xeito no que están filmadas. Están a manifestar a súa existencia: míranos, somos quen somos. Desde este punto de vista, o baile é unha maneira marabillosa de presentarse a un mesmo, especialmente cando a cámara é estática e a personaxe se move de esquerda a dereita. É unha poderosa declaración da existencia. N'*A profesora de párvulos* podería ser unha forma de liberdade, sobre todo cando ela baila soa. Pero tamén é un baile de desapego. Hai algo desesperado no feito de que é o único momento no que está liberada.

Xa que falas de manifestarse fronte á cámara, hai un par de planos n'*A profesora de párvulos* nos que as personaxes golpean literalmente a cámara. Foi algo intencionado ou algo que aconteceu e que decidiches que che gustaba?

Foi intencionado. A primeira vez que pasa é ao comezo. Gustábame a idea de que o filme comezase, en certo xeito, cun erro. Comeza con algo equivocado que fai que a xente pense: «Por que non cortan? Non teñen unha toma mellor?» Vai á contra desa perfección artificial do cinema, onde todo se fai tan ben. En *Policeman* —e velaquí a diferenza entre os dous filmes— hai un traballo frontal, case espido fronte á cámara. Todo é directo e de cara, e o fotograma é, en certo modo, a súa prisión. O encadre de *Policeman* revela a incapacidade para rachar con este xogo de destinos. N'*A profesora de párvulos* hai un xogo entre a orde e o caos, a profesora está tratando de atopar unha orde no caos e que se cumpra a orde no mundo. Vive nese mundo xerárquico onde os bos son prezados e os malos desprezados, onde a vulgaridade está fóra de lugar e o único que existe neste paraíso utópico é a poesía. Pero o mundo, por suposto, é moito máis complicado. As personaxes rexeitan esta orde, así que se achegan demasiado, atacan a cámara ou escapan do encadre. É tamén unha batalla entre os límites e o centro do fotograma.

(...)

Sei que che preguntaron por isto noutras ocasións, pero quero formularche a cuestión doutra maneira. Cres que farás un filme no que saian palestinos? Porque, desde logo, non aparecen en ningún dos teus filmes. Pode ser. Estou totalmente en contra desas regras, como as que din que o opresor non pode falar a linguaxe do oprimido. Non creo niso. De acordo, se es un director israelí e fas un filme sobre os palestinos, estás en grave risco de caer en todo tipo de trampas complexas. E realmente tes que ser moi intelixente e consciente. Pero teoricamente, por que non? Unha das liberdades do cinema ou da arte é que podes facer o que queiras.

Así e todo creo que os israelís teñen unha tendencia a non discutir de maneira profunda de nada que non sexan eles mesmos. Falan do ascenso da dereita en Europa, ou analizan a Le Pen durante horas sen seren conscientes de que o noso Primeiro Ministro non é tan diferente a Le Pen. Así que creo que é problemático para os cineastas israelís amosar a sociedade palestina cando farían mellor de se centraren na súa propia. Para min, unha das cousas máis fascinantes é a alma colectiva de Israel, o real estado de cousas que se agocha no máis fondo do cotián. Estou moito máis interesado no tratamento desta cotianidade israelí quen en procurar historias nun campo de refuxiados de Nablus.

Fragmento de «Acts of Rebellion: The Dialectical Cinema of Nadav Lapid», *Filmmaker Magazine*. Accesíbel en inglés en <http://filmmakermagazine.com/86320-acts-of-rebellion-the-dialectical-cinema-of-nadav-lapid/#.VZQKvRptlBc>. Tradución de Pablo Cayuela.

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org